

D. Francisco da Silva Vello, na súa condición de portavoz do Grupo Político Municipal do **BNG** no Concello das Pontes, e na súa representación, presenta a seguinte

## **MOCIÓN SOBRE DA PRÓRROGA DO PLANO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO-INDUSTRIAL DAS PONTES.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No ano 1997 asinábase o Plano de Desenvolvemento Económico-Industrial das Pontes, pola Xunta, Endesa, CIG, CCOO e UXT, coa finalidade de facilitar e favorecer a creación de empresas e a diversificación do tecido produtivo de toda a zona para minimizar e absorber os efectos negativos da redución da actividade mineira.

A súa vixencia temporal inicial tivo que ser prorrogada en sucesivas ocasións; en 2007, despois da análise da súa efectividade e ao considerar o contexto socioeconómico vixente, acordouse a súa continuidade ate o 31 de decembro de 2012.

O Plano dispón de máis de 4ME de fondos achegados por Endesa para o apoio adicional á implantación de proxectos xeradores de emprego, elemento diferenciador positivo a respecto doutras partes do Estado incluídas -como ate o de agora As Pontes- en plans públicos denominados de reindustrialización ou de desenvolvemento alternativo.

Ao considerar a situación anterior e a dispoñibilidade dos máis de 4ME, o 19 de abril de 2012 a Comisión Executiva do Plano aprobou, co requerimento previsto da unanimidade dos seus integrantes, solicitar, en prazo e forma, á Consellaría de Economía e Industria da Xunta de Galiza e a Endesa o inicio, de urxencia, das actuacións necesarias co obxectivo de prorrogar a vixencia do Plano.

O acordo da Comisión Executiva foi comunicado a Endesa en xuño de 2012. A contestación da empresa en novembro do mesmo ano traslada a súa intención de "... *Iniciar una fase liquidatoria ...*", ao "... *dar por concluída y completada satisfactoriamente su aportación al Plan ...*", decisión prepotente, irresponsábel, de agresión aos intereses das Pontes, e desconexa da realidade como se evidencia coa comparativa dalgúns dos indicadores socioeconómicos das Pontes referidos a datas representativas do Plano:

| Ano        | 1997               | 2002   | 2007   | 2012   |
|------------|--------------------|--------|--------|--------|
| Poboación  | 12.627             | 12.367 | 11.531 | 10.996 |
| Desemprego | 575 <sup>+/-</sup> | 644    | 590    | 1.067  |
| IAE        | 789                | 861    | 870    | 618    |



Por todo o anterior, o Grupo Político Municipal do BNG propón ao Pleno aprobar os seguintes

### **ACORDOS**

**1º.- Exixir** a Endesa a prorroga do Plano de Desenvolvimento Económico-Industrial sobre da base das súas obrigas e responsabilidades sociais, económicas e ambientais con As Pontes, e do mantemento dunhas relacions institucionais normalizadas.

**2º.- Exixir** á Xunta de Galiza unha posición firme e enérxica na defensa dos intereses das Pontes que contemple todas as medidas e recursos necesarios para garantir a continuidade do Plano de Desenvolvimento Económico-Industrial.

**3º.- Facultar** ao Alcalde para o desenvolvimento do presente acordo.

**4º.- Dar traslado** do presente acordo á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria, ás direccións locais das organizacións sindicais de CCOO, CIG e UXT, e á Dirección de Desarrollo de Negocio de Endesa Generación, S.A.

As Pontes, 04 de xaneiro de 2013  
O VOCEIRO DO GPM DO BNG

Asdo.: Francisco da Silva Vello

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS PONTES.**